



XULLO							AGOSTO						
L	M	MC	X	V	S	D	L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7	5	6	7	8	9	10	11
8	9	10	11	12	13	14	12	13	14	15	16	17	18
15	16	17	18	19	20	21	19	20	21	22	23	24	25
22	23	24	25	26	27	28	26	27	28	29	30	31	
29	30	31											

OLLO...
LEMBRA QUE NO MES DE AGOSTO
NON HABERÁ BOLETÍN!!
VÉMONOS EN SETEMBRO!!

CAMPAÑA DE COMPOSTAXE EN VEDRA

■ Se aínda non tes o teu composteiro solicítalo xa!

COMO FACELO? Pois ben chamando ao 981 814 612 ou escribindo ao enderezo electrónico residuoskmcero@concellodevedra.gal

TES DÚBIDAS SOBRE O PROCESO? Chama ao teléfono 623 932 143 en horario de tarde e fai as túas consultas. Con esta campaña Vedra pretende chegar ao 2000 composteiros repartidos por todo o seu territorio.



ITV AGRÍCOLA EN VEDRA

■ Despois do verán anunciaremos as datas para a revisión de vehículos agrícolas no noso concello así como o prazo de solicitude de cita previa para o mesmo!

SERVIZO DE REPARACIÓNS NO SERVIZO DE ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas que algún farol non funciona podes chamar ao 699 304 702.

DÍA DA XUVENTUDE EN VEDRA!!

■ Este proxecto da Dirección Xeral de Xuventude chegará a Vedra o venres 6 de setembro, cunha tarde ben divertida con actividades de ocio e tempo libre para a mocidade entre os 12 e os 35 anos.

Moita atención ás nosas redes e medios de difusión para saber como participar!!



HORARIO DE VERÁN NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

■ O horario de atención ao público será de 09:00 a 13:00 horas dende o 15 de xuño ao 15 de setembro (ambos incluídos).



XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES E XOVES. Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

• HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.

• Email: registrocivil.vedra@xustiza.gal



FIN DE CURSO DAS ACTIVIDADES MUNICIPAIS



Clase de costura na Casa das Artes.



Clase de manualidades na Casa das Artes.



Clase de pintura na Casa das Artes.



Torneo de Fin de Curso da actividade de xadrez.



Fin de Curso das Escolas de Patinaxe de Vedra e Boqueixón.



Fin de Curso das Escolas Deportivas de Vedra.



Última etapa de sendeirismo antes do descanso estival.



Presentación do Programa Correntes do Ulla.



Presentación do Programa Goza do Ulla na Feira de Silleda.



Presentación do stand de Vedra na Semana Verde de Silleda.



Reunión do voluntariado xuvenil para o inicio das accións programadas para este verán.



Sardiñada polo San Xoán da Terceira Idade.



Sesión de Conta Contos de Raquel Queizás na EIM de Vedra a través do Programa Rede Cultural 2024.



Curso de Fotografía no Centro de Emprendemento A Estación.



Campamento de mar verán 2024.



Minicampamento de verán 2024.



ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS

FIN DE CURSO DAS ACTIVIDADES DAS ASOCIACIÓNS



Fin de Curso da Actividade de Teatro da Asoc. Cultural Papaventos.



Festa d@ Soci@ da Asociación Cultural San Campio.



Festival de Fin de Curso da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Día da Bicicleta coa Asociación Ribadoulla.



Excursión da Asociación O Burgo a Ribadeo e praia das Catedrais.



Excursión organizada pola ANPA do CEIP Ortigueira.

De Interese



TABOLEIRO DIXITAL DE AXUDAS E OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERESE

■ Na web municipal www.concellodevedra.gal está habilitada unha ventá dentro da sección Actualidade Municipal, na que sempre poderás ver as axudas

que podes solicitar e outras informacións de interese xeral. Deste xeito sempre terás un lugar de recurso que visitar e ter á túa disposición.



O SERVIZO DE INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA NON DESCANSA NO VERÁN!!

- EN XULLO: O MARTES DEZASEIS.
- EN AGOSTO: O MARTES VINTE .

CITA PREVIA OBRIGATORIA no teléfono 981 814 612(en horario de 9:00 a 13:00 horas).

MOI IMPORTANTE: SÓ SE DARÁN CITAS PARA ASUNTOS RELACIONADOS CON BENS CATASTRAIS DENTRO DO TERMO MUNICIPAL.



SERVIZOS PARA A RECICLAXE

- Vedra pon as seguintes ferramentas a disposición veciñal.

PUNTO LIMPO:

Aberto os martes e sábados nos seguintes horarios:

- Martes: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Sábados: de 9:00 a 14:00 h.

(XA NON É PRECISO SOLICITAR CITA PREVIA)

SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS:

O concello conta cun servizo de recollida de voluminosos a domicilio, para facerse cargo deses refugallos que non tes maneira de trasladar ao punto limpo. Só tes que chamar ao 981 814 612 e solicitar a recollida!!

CURSO DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS CULTURAIS E DEPORTIVAS 2024 – 2025

- Moita atención ao mes de setembro, nel chegará o momento de anotarse ás diferentes alternativas municipais culturais e deportivas!!

NAS ACTIVIDADES CULTURAIS...

RENOVACIÓN DE PRAZAS: Do 5 ao 12 de setembro (as persoas usuarias das actividades serán informadas do procedemento a seguir).

NOVAS MATRÍCULAS: Formalización do 19 ao 26 de setembro (toda a información no folleto informativo do vindeiro curso).

Consultas e información no teléfono 981 814 691 ou no enderezo electrónico: cultura@concellodevedra.gal

NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS...

RENOVACIÓN DE PRAZAS: Do 5 ao 12 de setembro ábrese o prazo para que as persoas usuarias das actividades deportivas municipais, tanto actividades deportivas para persoas adultas como actividades deportivas en idade escolar, poidan renovar a súa praza para o vindeiro curso.

A principios de setembro recibirán un correo electrónico cun enlace dende o servizo de deportes para poder facer a renovación en liña. Tamén poderán tramitar as renovacións de xeito presencial de 10:00 a 14:00 no concello ou de 19:00 a 23:00 no pavillón. No caso de non recibir o enlace de inscrición deben contactar co

servizo de deportes, sempre antes do 14 de setembro, no enderezo de correo electrónico deportesvedra@outlook.es, ou por teléfono pola mañá chamando ao concello (teléfono 981 814 691) ou pola tarde ao pavillón (teléfono 981 502 290) dentro dos horarios que se indicaron anteriormente.

NOVAS MATRÍCULAS: O prazo de alta de novas persoas usuarias das actividades será do 19 ao 26 de setembro a través da páxina www.deportesvedra.com

Tamén poderán tramitar as novas altas de xeito presencial de 10:00 a 14:00 horas no concello ou de 19:00 a 23:00 horas no pavillón municipal.





CONTINÚA “CORRENTES DO ULLA”

■ O conxunto de actividades arredor do Río Ulla que presentan os concellos de Vedra e Boqueixón.

ESCOLA DE PESCA (10 E 11 DE XULLO)

Actividade gratuíta impartida polo campión do mundo de pesca con mosca David Arcay coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

CAMPO DE VOLUNTARIADO “UNINDO ROTEIROS” (DO 15 AO 26 DE XULLO)

Actividade de recuperación medioambiental e etnográfica + dinamización sociocultural, coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude.

GOZA DO ULLA “ROTEIROS DE PESCADORES” (20 DE XULLO)

Un percorrido de case 10 km dende o Campo do Río de Ponte Ledesma ata Codeso.

PASEO EN BICI POLO VAL DO ULLA “COA ASOCIACIÓN RIBADOULLA” (28 DE XULLO)

Un percorrido circular de 30 km en bicicleta co punto de reunión na Área de Recreo de Castiláns (xunto ao Pazo de Ortigueira en Santa Cruz).

GOZA DO ULLA “COUTO DE XIMONDE A PONTEVEA” (4 DE AGOSTO)

Unha etapa de sendeirismo de 10 km dende o Couto de Ximonde ata a ponte medieval de Pontevea-Reis (Teo).

Infórmate e insíbete en calquera das accións deste programa na web municipal www.concellodevedra.gal

DESCENSO DO ULLA
29 de xullo
Percorrido: Dende o Campo do Río de Ponte Ledesma ata a Área de Recreo de Aguiar.
Prezo: 25 € por persoa (incluído bañador, cinto salvavidas e roupa).
Observacións: Poderá participar en persoas maiores de 13 anos con autorización.
Praxas limitadas.

ESCOLA DE PESCA
10 de xullo na Área de Recreo de Aguiar.
11 de xullo na Área de Recreo de Siciña.
Introdución ao mundo da pesca sostenible e a concorrencia recreativa.
Imparte: David Arcay
Colabora: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
Praxas limitadas.

CAMPO DE VOLUNTARIADO “UNINDO ROTEIROS”
Do 15 ao 26 de xullo.
Recuperación medioambiental e etnográfica + dinamización sociocultural.
Idade: De 10 a 20 anos.
Colabora: Dirección Xeral de Xuventude.

GOZA DO ULLA (ROTEIROS DE PESCADORES)
20 de xullo
Percorrido: Saída de 10 horas do Campo do Río de Ponte Ledesma ata Codeso San Pío.
Distancia: 9,5 km aprox.
Dificultade: Medio-baixo.
Praxas limitadas.

PASEO EN BICI POLO VAL DO ULLA (RIBADOULLA)
28 de xullo
Percorrido: Saída de 10 horas da Área de Recreo de Castiláns (xunto ao Pazo de Ortigueira) e arredor do río Ulla, parandose na Ponte Ledesma, regresando ao punto de partida.
Distancia: 30 km aprox.
Dificultade: Medio.
Praxas limitadas.

GOZA DO ULLA (DO COUTO DE XIMONDE A PONTEVEA)
4 de agosto.
Percorrido: Saída de 10 horas do Couto de Ximonde ata a ponte medieval de Pontevea-Reis (Teo).
Distancia: 10 km aprox.
Dificultade: Medio.
Praxas limitadas.

• Información e inscricións en:
www.concellodevedra.gal • www.buqueixon.gal

Concello de Vedra, Concello de Boqueixón, XUNTA DE GALICIA

PISCINA MUNICIPAL 2024

PISCINA VERÁN 2024

DO 1 DE XULLO AO 31 DE AGOSTO

DE LUNS A VENRES DE 15.00 H A 21.00 H
SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS DE 16.00 H A 21.00 H

ABONOS E ENTRADAS DIRECTAMENTE NA INSTALACIÓN.
*CONSULTA AS TARIFAS E A INFORMACIÓN EN CONCELLODEVEDRA.GAL
*EN CASO DE MAL TEMPO AS INSTALACIÓNS PERMANECERÁN PECHADAS

Concello de Vedra

PISCINA MUNICIPAL - TARIFAS 2024

1) ENTRADA A PISCINA SEN ABONO:

- Persoas empadroadas en Vedra:
 - *Menores de 6 anos: ENTRADA GRATÍS
 - *Maiores de 65 anos: 1,00 €
 - *Menores de 18 anos: 1,00 €
 - *Maiores de 18 anos: 2,00 €

-Persoas NON empadroadas en Vedra:

- *Menores de 6 anos: 1,00 €
- *Maiores de 65 anos: 2,00 €
- *Menores de 18 anos: 2,00 €
- *Maiores de 18 anos: 3,00 €

2) BONOS:

* Persoas empadroadas en Vedra:

- Menores de 14 anos:
 - A) Bono de 12 baños: 6,00 euros
 - B) Bono de 20 baños: 8,00 euros
- Maiores de 14 anos:
 - A) Bono de 12 baños: 10,00 euros
 - B) Bono de 20 baños: 15,00 euros

* Persoas NON empadroadas en Vedra:

- Menores de 14 anos:
 - A) Bono de 12 baños: 12,00 euros
 - B) Bono de 20 baños: 16,00 euros
- Maiores de 14 anos:
 - A) Bono de 12 baños: 20,00 euros
 - B) Bono de 20 baños: 30,00 euros

3) ABONOS FAMILIARES:

- (composto por persoa titular, cónxuxe e fillos menores de 18 anos)
- PARA FAMILIAS DE VEDRA: 36,00 € / por toda a tempada.
- PARA FAMILIAS DE FÓRA DE VEDRA: 100,00 € / por toda a tempada

4) ABONOS INDIVIDUAIS:

- INDIVIDUAL (para persoas empadroadas en Vedra): 30,00 €
- INDIVIDUAL (para persoas non empadroadas en Vedra): 80,00 €

5) CURSOS DE NATACIÓN (OBRIGATORIO ESTAR ABONADO):


- PREZOS:
 - *cursos para persoas menores de 14 anos: 7€ + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.
 - *cursos para persoas maiores de 14 anos: 13€ + ABONO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.

Consulta os horarios e insíbete na propia piscina municipal.

VEDRA NO VERÁN ÉNCHESE DE ACTIVIDADES E MOITA DIVERSIÓN!!


Venres, sábados e domingos de 16:00 a 20:00 h.
Aluguer 5 €/hora

AREA DE RECREO DE AGRONOVO
KULLO E AGOSTO



ALUGUER DE KAIKAS E TABOAS DE PADDLE SURF

+ Información:
981814612 - 669450804
turismo@concellodevedra.gal



ALUGUER DE BICIS



Puntos de aluguer de bicicletas:

- *Bar Barreiro
Cibrán nº9, San Xián de Sales
Telf: 981512492
- *Oficina de turismo
Rectoral de Ponte Ulla
Telf: 669450804

+ Información:
981814612 - 669450804
turismo@concellodevedra.gal



RUTAS POLO PATRIMONIO OCULTO DE VEDRA



13 xullo / 10:30 h.
PREHISTORIA E IDADE DE BRONCE

17 agosto / 10:30 h.
CULTURA CASTREXA

Prazas limitadas - actividade gratuita

+ Información e inscricións:
669450804
turismo@concellodevedra.gal



Cultura

A XANELA DA LINGUA...

DENDE ESTA XANELA LEMBRAMOS...O BEN FALADO!!

■ Que foi un microespazo sobre a lingua galega creado, dirixido e presentado por Xesús Ferro Ruibal e realizado pola produtora Pórtico para a Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL).

Emitiuse de luns a venres en horario de máxima audiencia, a través de todas as canles da TVG, e estreáronse entre o 21 de xullo de 2008 e o 22 de abril de 2011.

Podes ver todos os seus vídeos na seguinte ligazón:
<https://benfalado.gal/>



Servizos Sociais

PROGRAMA DO FONDO SOCIAL EUROPEO PLUS DE ASISTENCIA MATERIAL BÁSICA

■ Infórmate sobre o PROGRAMA BÁSICO que está dirixido ás familias con menores a cargo que se atopan por debaixo do limiar de pobreza severa. Esta liña de axudas estará aberta ata o 31 de decembro.

Tes toda a información referente na web municipal e podes facer calquera consulta ou petición nos servizos sociais de Vedra no teléfono 981 814 693.



ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ Excursión á praia - "Comida campestre" na comarca do Barbanza o martes 16 de xullo.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, visitas e xantar) prazas limitadas.

Programa: Preténdese que este sexa un día de diversión e confraternidade. Para iso buscamos un lugar con amplas zonas de sombra. Visitaremos lugares de interese da zona; e tempo de praia.

O prazo de inscrición ábrese o luns 8 de xullo ás 17:00 h. de xeito presencial no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición. Despois desta data podes facer a túa reserva tamén no teléfono 981 814 693



en horario de 10 a 14 horas.

■ **OLLO!! EN XULLO E AGOSTO O CENTRO SOCIAL PERMANECE-RÁ PECHADO.**

No exemplar de setembro do boletín sairá toda a información de actividades do vindeiro curso 2024/2025.

■ **Celebración da patroa do Centro Social "Festa do Burgo", na carballeira.**

Sábado 7 de setembro ás 13:00 h.

Programa: misa cantada pola Coral da Terceira Idade, haberá pulpeiro, as persoas que queiran poden levar a comida. Actuación musical.

LUDOTECA MUNICIPAL EN XULLO E AGOSTO

■ Chega a época de verán e os menores dispoñen de tempo libre, seguindo as liñas pedagóxicas que desde a Ludoteca Municipal de Vedra, pensamos que é axeitado brindarlles a oportunidade de compartir ese tempo, relacionándose con outros nun marco lúdico. A palabra aventura contextualízanos nun universo fantástico atractivo para a cativada. Partindo desta idea propoñémoslles que sexan os protagonistas da súa propia aventura en torno ás olimpíadas e aos piratas.

As actividades realizaranse a través da participación en equipos, o traballo en grupo, actividades cooperativas,

técnicas de resolución de problemas, dinámica de grupos, animación cultural, actividades de aprendizaxe de ensaio e error, visitas e excursións didácticas, grandes xogos continuados e distintos obradoiros específicos para a realización das actividades.

HORARIO LUDOTECA EN XULLO E AGOSTO: De luns a venres de 8:30 a 14:30 h.



XUNTA DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello de Vedra

LUDOTECA CURSO 2024/2025 E SERVIZO DE MADRUGA PRAZO DE INSCRICIÓNS ABERTO DO 15 DE XUÑO AO 15 DE XULLO

■ As familias que queiran usar calquera destes servizos de conciliación (ou ambos) teñen que solicitar a súa praza neste período para comezar a actividade con normalidade dende o inicio do novo curso.

Máis información nos teléfonos: 981 814 693 e/ou 699 041 486.

- Prazo de inscrición: do 15 de xuño ao 15 de xullo
- Lugar de presentación de solicitudes:

- Na Sede Electrónica na páxina web municipal.
- Presencialmente: con CITA PREVIA NOS TELÉFONOS 981 814 693 ou 981 814 612 no Rexistro do Concello ou nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP.
- O modelo de solicitude colgarase na páxina web do concello

INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

- **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.
- **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará

unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.



Emprendemento

CENTRO DE EMPRENDEMENTO... A ESTACIÓN

■ En A Estación seguimos prestando apoio a proxectos emprendedores, así como a iniciativas empresarias e asociativas. Actualmente contamos con 12 proxectos, nos que asesoramos a máis de 20 persoas. Se precisas de apoio para darlle forma a unha idea de negocio que queres desenvolver, non dubides en contactar connosco.

... ASÍ FOI O MES DE XUÑO NA ESTACIÓN!!

■ Proxecto "Emprendendo nas aulas"

O 5 de xuño rematou esta actividade que se desenvolveu co CPI Plurilingüe de Vedra durante este curso académico 2023/2024. Con dúas edicións de seis sesións prácticas cada unha para un total de 19 alumnas e alumnos de 4º da ESO.

Os obxectivos foron, entre outros, sensibilizar ao alumnado respecto á iniciativa como competencia transversal individual e colectiva; ou potenciar a súa

autonomía, creatividade e confianza á hora de crear e dar a coñecer iniciativas propias.

A resposta do alumnado foi estupenda, participando activamente e achegando a súa visión de forma enriquecedora, polo que só nos resta darlle as grazas a todas/os eles/as e ao profesorado e dirección do centro pola receptividade ante esta nova iniciativa.

■ Colaboración con Creativas Galegas

Co colectivo Creativas Galegas desenvolveuse unha serie de actuacións formativas e de consultoría específicas nas que, polo momento, se prestou apoio a máis dunha ducia de profesionais e pequenas marcas do eido cultural galego (creativas/os, artesáns/ás, artistas das artes escénicas...)

TODA A INFORMACIÓN SEMPRE NA PÁXINA DE FACEBOOK @aestacionvedra

Iniciativas das Asociacións

AXENDA DE ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN DE MAIORES O BURGO

■ EN XULLO:

- Venres, 12 de xullo, xantar campestre e baile no Xirimbao.
- Venres, 19 de xullo, excursión a Muros, ferverza do Xallas en Ézaro, pobo e faro de Fisterra. Xantar no hotel Insua en Cee.

■ EN AGOSTO:

- Mércores, 21 de agosto, excursión á Feira Semanal de Valença do Miño en Portugal.
- Sábado, 31 de agosto, excursión á "Festa da Istoria" en Ribadavia.

Teléfono de contacto: 639 811 666.

XXI FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DO PATIO. 5 e 6 DE XULLO

Organiza: BNSCR

XXI

FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DO PATIO

Dedicado o noso amigo e integrante JOSÉ NOGUEIRAS FANDEIRO.

Día 5

- Coral Polifónica de Bugallido
- Coral Terceira Idade de Vedra
- Coral Polifónica de Berres
- Coral Polifónica de Luou
- Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla

acompañando a

Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla

Día 6

- Banda de Música de Cee**
- Banda de Música de Beade**
- Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla**

5/6 xullo	Día 5 21.30	Día 6 19.00
---------------------	------------------------------	------------------------------

Organiza: PAZO DE RIBADULLA Concello de Vedra Deputación da Coruña

Lugar: Pazo de Ortigueira

ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA-BOQUEIXÓN ABRE PRAZO DE INSCRICIÓN DA TEMPADA 24/25

VEDRA-BOQUEIXÓN ESCOLA DEPORTIVA

INSCRICIÓN ABERTAS TEMPADA 2024-2025

Categoría	Nados nos anos
Xuvenil	2006, 2007 e 2008
Cadete	2009 e 2010
Infantil	2011 e 2012
Alevín	2013 e 2014
Benxamín	2015 e 2016
Prebenxamín	2017 e 2018
Biberón	2019 e 2020

Web para formalizar as inscricións:
<https://www.escolasdeportivasvedra.org>

+ Información

vedraboqueixoned@gmail.com

622 62 92 05

<https://www.escolasdeportivasvedra.org>

FESTIVAL FOLCLÓRICO DA ULLA. 13 DE XULLO

Festival folclórico DA ULLA

sábado 13 de xullo 2024.

San Miguel de Sarandón - Vedra

Campo da Festa
Pola tarde ás 19.00h

Os grupos de baile e panderetas

- Asociación Arrancadeira
- OCT Ulteira
- Armadanzas de Laraño
- Asociación Cultural San Campio.

Pola noite.... a partir das 22h

FESTIVAL DE REQUINTAS COS GRUPOS

- A Requinta de Lampai
- A Gaita de Sarandón
- A Requinta da Laxeira

Organiza: san campio ASOCIACIÓN DE REQUINTAS DE LAXEIRA

Colabora: Concello de Vedra

XIII FESTA DO CHOURIZO EN SAN PEDRO DE SARANDÓN O 4 DE AGOSTO

■ A comisión de Festexos de San Pedro de Sarandón organiza esta cita que mestura gastronomía con natureza!! Unha combinación única que non debes perder!!

ÁREA RECREATIVA DE CUBELAS SAN PEDRO DE SARANDÓN - VEDRA

Xantar campeiro ao carón do río Ulla

Menú:

- Empanada
- Chourizo á brasa
- Chourizo ao viño
- Churrasco
- Postre
- Viño e refrescos
- Licores

25€ *persoa*

Música
Aparcamento gratuito
Menores de 10 anos gratis

Venda de entradas ata o 30/07/2024

Contacto comisión:
609 875 650
645 655 005
608 891 720
667 469 363

Organiza: **Asoc. de Festexos A Concepción**

Colabora: Concello de Vedra

XV CONCENTRACIÓN MOTEIRA VAL DO ULLA O 16, 17 E 18 DE AGOSTO

■ A Asociación de Moteir@s Val do Ulla organiza un ano máis, e con este xa van 25, esta proposta tan especial para o mundo do motor das dúas rodas.

Moita atención ás súas redes sociais nas que darán boa conta de todo canto suceda neste 25º aniversario.

Medio Ambiente

VEDRA NA REDE ESPAÑOLA DE CIDADES POLO CLIMA

■ A FEMP (Federación Española de Municipios e Provincias) revalida a presenza do noso municipio no consello de goberno da “Rede Española de Cidades polo Clima”, sendo un dos dezaseis concellos de toda España que forman parte de dito consello dentro da FEMP.

Nesta ocasión será o Concelleiro de Medioambiente José Caldelas o encargado de representar a Vedra.



Parabéns

ÁS ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA

■ Pola súa fantástica tempada 2023/2024 na que os resultados foron excelentes e tamén o compromiso e esforzo da cativada.

- O Equipo Benxamín “A”: Campión de Liga 2023/2024



- O Equipo Alevín “A”: Ascenso a primeira.



- O Equipo Infantil “A”: Campión de Liga 2023/2024 e ascenso a primeira.



- O Equipo Xuvenil “A”: Ascenso a provincial.

A BASKET RIBADULLA

■ Por proclamarse Campión da Copa Premium Santiago 3ª División Masculina na tempada 2023/2024.





VEDRA FESTEIRA EN XULLO!!

FESTAS EN MERÍN 10, 13 E 14 DE XULLO

- O día 10: Misa ás 21:30 e cantina aberta.
- O día 13: Día do Santísimo con misa ás 13.30 horas. Sesión vermú e verbena co "Dúo Imagine".
- O día 14: Día do Carme con misa ás 13:30 horas e sesión vermú con Irene Angueira.

FESTAS PATRONAIS EN PONTE ULLA OS DÍAS 20 E 21 DE XULLO

- O día 20: Misa solemne ás 13:00 h. e sesión vermú coa "Banda de música Santa Cruz de Ribadulla". Á noite verbena con "Trío En Clave de Ti" e "DJ Frank".
- O día 21: Misa solemne ás 13:00 h. e actuación da "Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla" e da "Banda de Música de Arca". Á noite concerto coas bandas: "Banda de música Santa Cruz de Ribadulla" e "Banda de música de Arca".

Fogos de artificio a cargo de Pirotecnia Penide.

VEDRA FESTEIRA EN AGOSTO!!

FESTAS EN SAN FINS OS DÍAS 1, 2 E 3 DE AGOSTO

- Haberá sesión vermú todos os días, amenizada o segundo día pola "Banda de música Santa Cruz de Ribadulla". Tamén haberá verbenas a cargo das orquestras "Finisterre", "La Bamba", discotecas móbiles como "Radikal" e máis! Moita atención ao cartel completo que sairá nas redes sociais de AFESA.

FESTAS EN SAN MAMEDE DE RIBADULLA OS DÍAS 7 E 8 DE AGOSTO

- O día 7: Misa na honra a San Mamede ás 13:00 horas, con sesión vermú a cargo do "Dúo Reflejos". Ás 18:30 h. comezo da festa Infantil con inchables e festa da espuma de balde. Pola noite romaría a cargo de: "Dúo Reflejos" e "Grupo Tania Veiras".
- O día 8: Misa na honra ao Santísimo ás 13:00 horas, con sesión vermú a cargo do "Dúo Matices". Romaría a cargo da "Orquesta Fuego" e o "Dúo Matices".

Ambos días haberá churrasco e polbo a cargo de Pul-

pería Sánchez.

FESTAS DO SAN CAMPIO EN SAN MIGUEL DE SARRANDÓN OS DÍAS 9, 10 E 11 DE AGOSTO

- O día 1: comezará a novena a San Campio.
- O día 9: Celébranse as vésperas con verbena a cargo das orquestras "Olympus" e "Discomovil Chocolate".
- O día 10: "Día das bandas" coa misa solemne ás 12:00 h. e a sesión vermú. O concerto das bandas comezará ás 21:00 h. coas actuacións da "Banda Artística de Merza" e a "Banda de música de Santa Cruz de Ribadulla".
- O día 11: "Día de San Antonio" misa solemne ás 13:00 h. e sesión vermú. Verbena a cargo dos grupos "Origen" e "Atenas".

Haberá pulpeiros, atraccións e amplos aparcadoiros.

FESTAS DO SANTIAGUIÑO EN SAN PEDRO DE VILANOVA, OS DÍAS 23 E 24 DE AGOSTO

- O día 15: Procesión dende a igrexa ata o Santiaguíño e novena na capela. Gran sardiñada e churrascada amenizada cun grupo musical.
- O día 23: Vésperas coa verbena nocturna a cargo de "Olympus" e "Combo Dominicano".
- O día 24: Día grande do Santiaguíño con misa ás 13:00 h. Sesión vermú a cargo da "Banda música de Santa Cruz de Ribadulla" e verbena nocturna a cargo do "Grupo Unión y Fuerza" e "Disco móvil CDC".

FESTAS DAS DORES DE VEDRA OS DÍAS 31 DE AGOSTO, 1 E 2 DE SETEMBRO

- O día 31: Gran verbena á noite coa "Orchestra Fania Blanco Show" e o "Grupo Aché".
- O día 1: Sesión vermú e noite a cargo da "Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla" e "Banda de música Cultural de Teo".
- O día 2: Sesión vermú a cargo dun grupo musical e gran verbena coa "Orchestra París de Noia" e "Disco Móvil Chocolate".

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e cómodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS